Poa annua L., 1753

herba campía/campeira/das galiñas/campiceira, pasto azul, poa
poa anual, pastito de invierno, espiguilla, hierba de punta, poa
pèl de ca
annual meadow grass
erva das galinhas, poa anual



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Streptophyta	**Magnoliopsida**	**Cyperales**	**Poaceae**	***Poa***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte herbáceo. Posúe un sistema radicular fibroso típico das gramíneas. O talo pode ser duns 5 ata 30 cm de altura. As follas son estreitas, lineais e normalmente brandas e delgadas. A lígula é membranosa e truncada. A inflorescencia é unha panícula aberta, piramidal, con ramas delgadas. Cada espiga contén unhas 2-6 flores pequenas e verdoso-amarelentas. A floración ocorre na primavera-verán. O froito é unha cariopse pequena e ovoide.

HÁBITAT

O seu hábitat é extremadamente versátil, dende pastos, céspedes de xardín, campos arados ata bordos de camiños ou terreos alterados. Crece preferiblemente en solos nitrificados. Medra durante todo o ano agás durante xeadas severas.

DISTRIBUCIÓN

Está presente en case tódolos continentes debido á introdución humana e á súa capacidade de adaptación. Na Península Ibérica está presente en todo o territorio.

CURIOSIDADES

É comunmente empregada para céspedes e tapices, como por exemplo en campos de golf, xa que é moi tolerante ás pisadas e ao tránsito.